

ACTA DA MESA DE ALCALDES E ALCALDESA DA ÁREA METROPOLITANA DA CORUÑA

Reunidos no Salón Vermello do Palacio de María Pita do Concello da Coruña, ás 12.45 horas do 4 de maio de 2018 .

Asisten:

- D. Xulio Ferreiro Baamonde, Alcalde de A Coruña
- Dna. Alejandra Pérez Máquez, Alcaldesa de Bergondo
- D. Ramón García Vázquez, Alcalde de Betanzos
- D. Óscar García Patiño, Alcalde de Cambre
- D. José Ramón Rioboo Castro , Alcalde de Culleredo.
- D. Ángel García Seoane, Alcalde Oleiros
- D. Óscar Benito Portela, Alcalde de Sada

Non asisten:

- D. José Antonio Santiso Miramontes, Alcalde de Abegondo
- D. Carlos Calvelo Martínez, Alcalde de Arteixo
- D. José Luis Fernández, Alcalde de Carral

- **Benvida do Alcalde da Coruña e fai entrega da documentación que se realaciona.:**

Iníciase a sesión ás 12.50 horas para abordar, segundo a convocatoria efectuada, a seguinte **Orde do Día:**

1. Noroeste metropolitano.
 2. - Xuntanzas pendentes con:
 - ▶ Ministro de Fomento
 - ▶ Presidente da Xunta de Galicia
- O Alcalde de Oleiros propón adoptar algunha posición contundente ante o que considera unha actitude irrespectuosa por parte dos actuais dirixentes do Ministerio de Fomento.
 - Se plantexa tamén reiterar petición de entrevista.
 - Valoración crítica sobre o comportamento do Ministro e Presidente.



- Se plantexa establecer unha data a partir de cal, se non se lles cita en 10 días, se plantexa acudir ao Ministerio de Fomento en Madrid (sen previo aviso nin máis reiteracións de solicitude de cita).

3. Cara a unha autoridade única de transporte. Presente o asunto o Alcalde da Coruña.

Tras varios quendas de intervencións e deliberacións varias, os alcaldes e alcaldesa presentes adoptan os seguintes acordos:

Entrevistas co ministro de Fomento e o presidente da Xunta

1.- Reprobar o menosprezo do ministro de Fomento e mais do presidente da Xunta de Galicia cara á cidade da Coruña e a súa área metropolitana, por non ter respostado ao requirimento dos alcaldes e ter realizado visitas oficiais a Galicia e mesmo á cidade da Coruña sen contar cos seus representantes locais.

2.- Reiterar as solicitudes de entrevista con ambas as dúas administracións realizadas por acordo da Mesa de Alcaldes e Alcaldesa o pasado 20 de marzo.

3.- Esixir unha resposta positiva a estas solicitudes nun prazo máximo de dez días, antes de adoptar outras medidas.

Transporte metropolitano

1.- Impulsar, no marco da tramitación e aprobación do Plan de Transporte Público de Galicia, a creación dunha Autoridade Única de Transporte Metropolitano da Coruña, baixo a fórmula dun consorcio participado polos concellos impulsores e a Xunta de Galicia, cuxa misión será a de planificar, coordinar e xestionar o servizo de transporte no conxunto da área metropolitana.

2.- Acordar que esta Autoridade Única de Transporte Metropolitano se integrará na estrutura da futura Área Metropolitana da Coruña, para o que cómpre impulsar os traballos e os acordos necesarios para que se aprobe canto antes a correspondente lei do Parlamento de Galicia segundo se prevé no artigo 122 da Lei de Administración Local de Galicia.

3.- Requirirlle á Xunta de Galicia, mediante unha alegación conxunta dos concellos impulsores, a inclusión de Autoridade Única de Transporte Metropolitano no Plan de Transporte Público de Galicia actualmente en exposición pública o seu documento básico, tanto aos efectos de planificación como de integración, metropolitana e urbana, de liñas de transporte.

4.- Encomendarlle á Mesa Metropolitana do Transporte a elaboración dunha proposta de alegación que recolla o sentido deste acordo e que lle sexa elevada á Mesa de Alcaldes/a da Área Metropolitana á maior brevidade posible.



5.- Facultar ao Alcalde da Coruña para facer as xestións necesarias para que a conselleira de Infraestruturas e Vivenda, con competencias tamén en materia de transporte, reciba á Mesa de Alcaldes/a da Área Metropolitana da Coruña.

A Coruña, 4 de maio de 2018

O alcalde da Coruña,

Asdo.: Xulio Ferreiro Baamonde

A alcaldesa de Bergondo,

Asdo.: Alejandra Pérez Máquez

O alcalde de Betanzos,

Asdo.: José Ramón García Vázquez

O alcalde de Cambre,

Asdo.: Óscar García Patiño

O alcalde de Culleredo,

Asdo.: José Ramón Rioboo Castro

O alcalde de Oleiros,

Asdo.: Angel García Seoane

O alcalde de Sada,

Asdo.: Óscar Benito Portela Fernández